



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045


Web: www.concellodeboimorto.es

### REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

#### CERTIFICO:

Que a Alcaldesa con data catro de xullo de dous mil catorce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<



**Decreto:** 223 / 2014

**Data decreto:** 04/07/2014

**Descrición decreto:** Nomeamento persoal laboral temporal cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais, 1 oficial 2ª e 1 peón.

### DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a proposta de nomeamento dun oficial 2ª e dun peón como persoal laboral temporal para obras e servizos mínimos municipais a xornada de 25 horas semanais, de acordo coas bases da convocatoria do Decreto 176/2014, que consta na acta da Comisión seleccionadora deste persoal laboral temporal de data 03/07/2014.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como oficial 2ª a Jose Antonio Sanda García con DNI 76339809A e como peón a Jesus Luis Sanda Codesido con DNI 33278661F.


Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base quinta á presentación polos interesados de declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da Administración Pública e non ter sido separado do servizo público e certificado médico oficial que acredite a súa capacidade para o desempeño do posto de traballo.

**SEGUNDO.-** Notificar persoalmente o presente decreto aos seleccionados indicados no apartado anterior, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requirida a alta dos traballadores na seguridade social e se asine e rexistre os contratos con efectos de alta o 07/07/2014.

Boimorto catro de xullo de dous mil catorce

A Alcaldesa

Perante min:  
A secretaria



Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 4 de xullo de 2014

Vº Pr.  
A Alcaldesa

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

